

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE ABRIL DE 2020

Ás 10:30 horas do día 28 de abril de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 23 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (asiste a todos os puntos agás os puntos 2 e 4)
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 6b)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4, 5a, 6c e 11b)
D^a. Pilar Carneiro Miniño, xefa do Servizo de Xuventude (asiste ao punto 6d)
D. Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social (asiste ao punto 6a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441) (emenda de documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores presentados a este procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 21 de abril de 2020, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

emendasen a documentación persoal:

1. UTE AQUÁTICA-INGENIA.
2. UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.
3. UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.

Os tres licitadores presentaron documentación en prazo.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

1. UTE AQUÁTICA-INGENIA.
2. UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L.- URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.
3. UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores presentados a este procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado o 23 de abril de 2020 polo comité de expertos composto polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial do Servizo de Electromecánicos e a técnica de Administración Xeral - xefa do Servizo de Inspección de Tributos, complementario ao informe do 16 de abril de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



xuízo de valor”.

A Mesa acepta, por unanimidade o referido informe e acorda **excluir** deste procedemento a SGS TECNOS por non acadar o umbral mínimo de puntuación recollido no apartado 7a do Anexo I -FEC- do PCAP:

*“Establécese un **umbral mínimo de puntuación** a acadar na fase de valoración das proposicións relativas aos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, polo cal estableceranse dous apartados para a clasificación dentro deste criterios:*

- a) *Ofertas con calidade técnica inadecuada. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor inferior ao 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.*
- b) *Ofertas con calidade técnica suficiente. Serán todas aquelas propostas que obteñan unha puntuación dos criterios de xuízo de valor igual ou superior o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor.*

Aquelas ofertas situadas no intervalo de calidade técnica inadecuada serán excluídas do proceso de licitación”.

Acto seguido publícanse ambos informes no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 23 de abril de 2020, complementario ao informe do 15 de abril de valoración do sobre B *“proposición avaliábeil mediante xuízo de valor”.*

A Mesa acepta, por unanimidade o referido informe e acorda **excluir** deste procedemento a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP *“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”.*

Acto seguido publícanse ambos informes no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo Total	Incremento do importe destinado ao mantemento
1	ANCIN CLIMA, S.A.	153.807,26 €	2.000
2	ANGEL ROADE, S.L.	153.488,06 €	6.000
3	GALTECMA SOCIEDAD COOPERATIVA	144.703,90 €	0
4	CLECE, S.A. *	148.771,19 €	0
5	COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.	132.586,24 €	6.000
6	ELECNOR, S.A.	142.810,12 €	6.000
7	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	130.365,40 €	6.000
8	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	149.981,46 €	6.000
9	MONCOBRA, S.A.* GRUPO EMPRESAS	160.997,40 €	6.000
10	SACYR FACILITIES, S.A.	141.016,13 €	6.000
11	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	140.547,10 €	6.000

* Infórmase ao público asistente que MONCOBRA, S.A. e CLECE, S.A. pertencen ao mesmo grupo de empresas.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. José Luis Méndez Sánchez, con DNI **.69.63*, en representación de ELECNOR, S.A.; D. Pablo Velasco Gisbert, con DNI **.59.08*, en representación de SACYR FACILITIES, S.A.; D. Fernando Ortega Álvarez, con DNI **.83.47*, en representación de INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.; D. Pablo Nieto Blasco, con DNI **.25.01*, en representación de VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.; e D. José Antonio López Sueiro, con DNI **.94.77*, en representación de ANCIN CLIMA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato
1	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	104.570,32 €
2	ATENEA, S.A.U.	97.481,23 €
3	CIES ATLANTICO SLU	85.187,76 €
4	UTE ELE 31 S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A	104.203,86 €
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	112.990,68 €
6	SEGURINCO, S.L.	89.528,32 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Sara Albar Hermida, con DNI ****.*81.74***, en representación de SEGURINCO, S.L. e D^a. Rosa María Contreras Álvarez, con DNI ****.*09.94***, en representación de INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total	Nº actuacións en directo	Nº horas de formación musical realizadas por profesionais externo
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	339.154,20 €	4	200

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. XOSÉ ARES GONZÁLEZ, con DNI 71513272Q, en representación de ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U.

A Mesa comproba que a oferta presentada non contén valores anormais segundo o indicado na cláusula 18 do PCAP e acorda, por unanimidade, en aplicación da





previsión da cláusula 16.3 "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula" outorgarlle a máxima puntuación recollida no apartado 7B do Anexo I -FEC-:

	Licitador	Prezo total	Nº actuacións en directo	Nº horas de formación musical realizadas por profesionais externo	Puntuación total
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	45 puntos	10 puntos	10 puntos	65 puntos

Tendo en conta a puntuación recibida por este licitador na proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	29,5 puntos	65 puntos	94,5 puntos

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	85 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP “A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	94,5 puntos

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación, comunica que con data do 4 de marzo de 2020 se notificou o acordo de clasificación e requirimento de documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar, VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L., que presenta a documentación requirida 11 de marzo, dentro do prazo concedido.

Constan no expediente declaracións asinadas polos representantes dos dous licitadores clasificados neste procedemento (D. Francisco Pérez Cubero, con DNI ****.*11.15***, en representación de VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L e D. Antonio Iglesias Miranda, con DNI ****.*55.34***, en representación de PAZ DISMAC, S.L.) na que manifiestan a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Unha vez cualificada a documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 5 días a VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. para que poida emendar a documentación:

- O seguro de caución deberá estar asinado dixitalmente para poder presentalo por Rexistro Electrónico, en caso contrario, deberán depositar o seguro orixinal con sinatura manual nas oficinas da Tesourería Municipal e, posteriormente, achegar por Rexistro Electrónico o correspondente documento contable.
- Deberán acreditar a solvencia técnica segundo o previsto na cláusula 8 do PCAP:

"Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato.

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".

b) Procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) (lote 2)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación, lembra que en cumprimento do acordado na sesión do 21 de abril de 2020, o mesmo día se requiriu a IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. para que emendase a documentación presentada para a adxudicación do lote 2 deste procedemento.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación o 22 de abril. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, que a solvencia técnica non foi debidamente acreditada, ao non presentarse o certificado da alta no rexistro de empresas xestoras de residuos necesaria para o tratamento do código LER 17 04 10 (esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP). En consecuencia, ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP, o requirimento non foi cumprimentado adecuadamente no prazo concedido e se entende retirada a oferta, procedendo formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) (lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de febreiro de 2020, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de febreiro de 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Mediante acordo da Mesa de Contratación de datas 20 e 27 de febreiro de 2020, foron admitidos neste procedemento, os seguintes licitadores:

1. NIETO DACOSTA, S.L.
2. IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 12 de marzo de 2020, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

"Primeiro.- Rexeitar a proposición presentada por NIETO DA COSTA, S.L. desta licitación por ter recoñecido o licitador que adolece de erro que a fai inviable (artigo 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida no lote 2 deste procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Oferta
1	IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L.	31.800,00 €

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPORT. EXPORT. MARTINEZ SOUTO, S.L. (B-36.334.415), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Quinto.- O 17 de marzo de 2020, dentro do prazo concedido, IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. presenta documentación.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:

- *A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- *A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- *A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*



- *A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- *A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- *Procedementos de modificación de contratos.*
- *Procedementos de cesión de contratos.*
- *Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- *Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.

3º.- Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

4º.- Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".

Sétimo.- Con data 15 de abril de 2020, D. Manuel Martínez Souto, con DNI 35.785.467-C, en representación da mercantil Import y Export Martinez Souto, S.L., presenta declaración na que manifesta a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Oitavo.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 21 de abril de 2020, acordou, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. para que puidera emendar a documentación presentada.

O licitador presentou a documentación o 22 de abril de 2020, dentro do prazo concedido.

Noveno.- Na sesión do 28 de abril de 2020, a Mesa de Contratación comproba a documentación presentada e acorda que esta non é correcta, por non quedar debidamente acreditada a solvencia do licitador ao non presentar o certificado da alta no rexistro de empresas xestoras de residuos necesaria para o tratamento do código LER 17 04 10 (esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP), polo que se entende retirada a súa oferta. Ao non haber máis licitadores clasificados neste procedemento, cómpre declarar deserta a licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo "*suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...)*". Así mesmo, no seu punto 3 establece "*No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo*".

Para estes efectos consta acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do 9 de abril de 2020 polo que se exceptiona da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos e se acorda continuar coa tramitación de determinadas actuacións e procedementos, entre outros, "*a celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación*".

Así mesmo, consta no expediente a conformidade do único licitador clasificado no procedemento coa non suspensión dos prazos neste procedemento.

Segundo.- O artigo 150.2 da LCSP, en relación coa documentación requirida para a adxudicación do contrato, establece que "*De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se tivera constituído, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71.*"

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederase a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas".

Dado que o único licitador clasificado no lote 2 deste procedemento, non acreditou correctamente a documentación requirida, procede declarar deserto este procedemento.

Terceiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

1. "*Entender retirada a oferta presentada por IMPORTACIONES Y EXPORTACIONES MARTÍNEZ SOUTO, S.L. ao non ter cumprimentado correctamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP.*"
2. "*Declarar deserto o lote 2 "residuos de materiais metálicos" do procedemento aberto simplificado para o alleamento de efectos non utilizables (vehículos ao final da súa vida útil e material de chatarra) (13.981-445) por non haber máis licitadores clasificados neste procedemento*".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:23	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A44C-CDD125-BA51EC-ZCT5KA-N7WZF8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		